

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso dunha valoración de discapacidade

Expediente: G.6.Q/5015/20

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2021

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa por un retraso de revisión do grao de discapacidade.

ANTECEDENTES

1. O escrito indica que solicitaron a discapacidade hai máis de ano e medio e non deron ningunha resposta. A afectada ten 86 anos e se atopa ingresada nunha residencia dende setembro de 2018, a raíz dunha deshidratación severa e problemas cardiovasculares. Non pode valerse por si mesma e atópase nunha cadeira de rodas. “O que queremos solicitar é que sexa concedida unha revisión para poder valorar o seu estado para saber se existe unha discapacidade ou minusvalía da que teñamos que ter constancia”.

2. Ante iso requirimos información a esa Consellería de Política Social, que nola remitiu. No informe sinalase o seguinte:

“ANTECEDENTES: 1. O órgano de valoración de discapacidades de Barcelona, en xuntanza celebrada o 17/01/2008 acorda outorgarlle a [REDACTED] un grao de discapacidade do 40%, con validez definitiva con efectos desde el día 19/06/2006. 2. Con data 17/09/2019 [REDACTED] presenta no rexistro do Edificio Administrativo de Pontevedra solicitude de revisión por agravamento do grao de discapacidade. 3. Mecanizada a petición da persoa interesada a aplicación informática xera a seguinte codificación vinculada con [REDACTED], con DNI [REDACTED] número de arquivo físico da súa documentación é o [REDACTED] e o número de expediente da súa solicitude inicial é o [REDACTED]. 4. Dende un criterio técnico, o equipo de valoración e orientación de discapacidade de Pontevedra cataloga o seu expediente como de natureza mixta. Será preciso que a interesada sexa entrevistada por tres profesionais: o traballador social (30 minutos de atención), o médico (30 minutos de atención) e o psicólogo (60 minutos de atención).

CONCLUSIÓN: Existe un elevado número de solicitudes tanto de valoración inicial como de revisión cuxa iniciación debe seguir a orde de entrada de solicitudes para cumprir o establecido no artigo 16.1 da Orde do 25 de novembro de 2015, pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Esa orde de tramitación só pode ser modificada nos casos previstos no artigo 16.2 da mesma orde, que recolle os supostos de urxencia: a) Acceso ao emprego e ás ensinanzas reguladas onde exista reserva de prazas pra persoas con discapacidade b) Solicitudes de axudas/subvencións sometidas a prazos c) Menores de 18 anos d) Maiores de 90 anos e) Pensión non contributiva ou prestación por fillo a cargo f) Caducidade da valoración do grao de discapacidade g) Existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo a violencia de xénero, que poida verse afectado polo recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade.

Ademais, daráselle prioridade na valoración da discapacidade ás persoas incluídas nas seguintes patoloxías: ELA, ataxias rapidamente progresivas, distrofias musculares e escleroses múltiples de evolución rápida, enfermidades metabólicas con trastornes motores, neoplasias en estadio IV, co obxecto de que a súa resolución se emita no prazo máximo dun mes desde o momento da solicitude.

A interesada non se atopa en ningún dos supostos de prioridade anteriormente referidos, polo que, a súa solicitude ten a consideración de "prioridade estándar".

Lembrar que o trámite das solicitudes de recoñecemento da discapacidade debe seguir a orde de entrada, e que os supostos declarados prioritarios ou de urxencia deben ser resoltos con carácter previa ás solicitudes de "prioridade estándar".

Por outra banda, debido a este elevado número de solicitudes, na actualidade estase a producir unha acumulación de expedientes que está atrasando os prazos nos que se citan ás persoas usuarias e se notifican as resolucións.

A Consellería de Política Social adoptou unha serie de medidas co obxectivo de mellorar o procedemento da valoración da discapacidade e reducir as listas de agarda.

Unha das actuacións que levou a cabo foi reforzar os equipos de valoración da discapacidade coa finalidade de tentar reducir os tempos de espera para as valoracións.

Neste sentido, informarlle que na actualidade comenzou a realización dunha operación europea en relación co desenvolvemento dun "Plan especial , de reforzo de persoal técnico no procedemento de valoración da discapacidade 2020-2021, cofinanciada

pola Unión Europea a través do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020", o que permitiu a contratación de persoal cualificado para efectuar as correspondentes valoracións do grao de discapacidade, e que implicou a posta en funcionamento de 3 novos equipos de valoración de discapacidade na Sección de Pontevedra e un psicólogo, polo que a través da dita actuación se prevé unha resolución considerable nos tempos de espera para as valoracións.

Por outra banda, debido a situación excepcional derivada do estado de alarma que se declarou para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 produciuse a anulación de todas as valoracións de recoñecemento do grao de discapacidade que estaban a ser programadas desde o día 16 de marzo de 2020.

Unha vez levantado o estado de alarma, e tendo en conta o establecemento das medidas de seguridade orientadas a garantir a protección das persoas que forman parte deste colectivo en base a súa consideración de máis vulnerable fronte ao COVID-19, procedeuse a reanudación progresiva das valoracións de recoñecemento do grao de discapacidade coas máximas garantías de seguridade e minimizando na medida do posible os contactos directos presenciais coas persoas solicitantes.

En base ao exposto anteriormente, non é posible efectuada data de hoxe unha estimación da data previsible para a valoración do grao de discapacidade de [REDACTED]."

ANÁLISE

1. Confírmase o expresado na queixa. O procedemento de revisión da valoración da discapacidade atópase retrasado, posto que iniciouse en setembro de 2019 e segue sen resolverse, a pesar de que o prazo é de 3 meses. A consellería non anuncia unha data previsible de valoración.
2. A situación de atraso das valoracións e resolucións dos recoñecementos da discapacidade é coñecida a través desta e doutras queixas, e, como pode apreciarse, o problema continúa. Porén, no seu momento apreciouse unha melloría nos tempos de espera, que antes eran máis prolongados.
3. Como consecuencia diso iniciamos sete actuacións de oficio para coñecer o estado dos retrasos en cada unha das localidades nas que funcionan os equipos de valoración. O obxecto era coñecer os detalles da posta en marcha das medidas anunciadas hai tempo e das máis recentes, por exemplo as mencionadas no presente informe, e sobre dos resultados.

En setembro, data do informe, en Pontevedra estaban a coñecerse as valoracións de outubro de 2018.

4. No presente caso non se especifica a data prevista de valoración nin en que medida mellorou o tempo de espera para a valoración na localidade, co que incerteza continúa. Iso sucede a pesar de que a solicitude formulouse hai case ano e medio.

5. O informe tamén sinala que parte do retraso se debe a grave incidencia do estado de alarma declarado pola crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, o que resulta comprensible, posto que foi necesario interromper os procedementos desde o 16 de marzo. Agora se está a producir a reanudación das valoracións de discapacidade coas debidas garantías.

Porén, o retraso xa existía antes da declaración do estado de alarma, posto que nesa data xa transcorreran 6 meses, e dende o seu levantamento transcorreran varios meses, sen que a consellería aporte data previsible para a valoración pendente.

6. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade, as que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con carácter xeral se habiliten as medidas anunciadas e as demais que se consideren precisas para corrixir os retrasos nas valoracións de discapacidade, que prexudican ás persoas afectadas ao retrasar o acceso aos eventuais beneficios; e que se resolva sobre a valoración da persoa afectada no presente caso, posto que se atopa demorada de acordo co prazo previsto.



Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo